

Bos días nenos e nenas de Infantil!!!

Como seguides? Espero que moi ben. Esta semana imos a rematar co tema das comidas. OOOOHHH!! pero imos a rematar ao grande preparando cousas deliciosas para comer!!!

Empezamos cos máis pequenos para os **nenos e nenas de 3 anos**:

Vades a ver primeiro dúas cancións .

Esta canción mandeina a primeira semana que empezamos a traballar co tema da comida pero é distinta porque agora aparece con baile e quería compartila con vós porque sei que vos vai a gustar. Preme no seguinte enlace que se chama **fruit juice** (Zume de froita)

[https://www.youtube.com/watch?v=gN3pn\\_alymA](https://www.youtube.com/watch?v=gN3pn_alymA)

Preme no enlace que se chama **I'm hungry** (teño fame) Imos a aprender máis comidas. Cantas che gustan?

<https://www.youtube.com/watch?v=CCke0NvGy70>

Agora imos a ver un vídeo que ten 3 partes primeiro aparece unha pequena historia dun rapaz facendo uns espagueties moi especiais ponlles green peppers, meatballs, shrimps, mushrooms and eggs (pementos verdes, albóndigas, langostinos, champiñóns e ovos), a min esta combinación non me gusta nada, despois ven unha canción dun guiso dunha bruxa con spiders, frogs, snakes, bats and tadpoles (arañas, ras, serpentes, morcegos e cágados) e por último hai unha presentación de máis comidas.

Preme para ver as tres partes no seguinte enlace **Spaghetti craft for kids**

[https://www.youtube.com/watch?v=f\\_JWnSnYLCw](https://www.youtube.com/watch?v=f_JWnSnYLCw)

Como actividade esta semana propoño un recortable que se chama **spaghetti and meatballs**. (Spaghetti y albóndigas) Tédelo nun documento adxunto.

Para os **nenos e nenas de 4 anos**

Imos a empezar cun **xogo de adiviñas** mira como debuxan **froitas** e trata de adiviñalas antes de que digan o nome

Preme no seguinte enlace para adiviñar as froitas

<https://www.youtube.com/watch?v=mVE9pYdwX-I>

Agora imos a **preparar unha pizza** mira esta canción. Gústanche todos os ingredientes desta pizza?

Preme no seguinte enlace para desfrutar da canción. Titúlase Food word power

[https://www.youtube.com/watch?v=De2\\_5sUazoE](https://www.youtube.com/watch?v=De2_5sUazoE)

Xa por último imos a ver este vídeo que ten 3 partes primeiro hai un xogo de adiviñar que comida se esconde, despois ven unha canción de como se fai unha pizza e por último hai unha historia pequena nun restaurante.

<https://www.youtube.com/watch?v=BilStuLzW6s>

Actividade, mando un adxunto para colorear e recortar unha pizza. Chámase **pizza to cut or colour**. Podedes imprimir a parte que está en cor para recortar e pegar ou podedes imprimir a pizza para colorear. Tamén podedes facer unha pizza na casa ou debuxar nun folio unha pizza cos vosos ingredientes favoritos.

Para os **nenos e nenas de 5 anos**

Imos a empezar cun xogo de adiviñas mira como debuxan verduras e trata de adiviñalas antes de que digan o nome.

Preme neste enlace para **adiviñar as verduras**

<https://www.youtube.com/watch?v=98dEG7WjF1M>

Agora toca unha canción loca, gústanche os **batidos de lasaña?**

Preme no seguinte enlace para escoitar a canción que se chama Do you like lasagna milkshakes?

<https://www.youtube.com/watch?v=13mftBvRmvM>

Os de 3 anos prepararon spaguetti os de 4 pizza e a vós tócalos **facer un sandwich**. Yummy!!

Imos a ver un vídeo que ten tres partes. Primeiro vemos como se fai unha actividade que logo vades a facer vós, un delicioso sandwich con ingredientes moi ricos. A segunda parte é unha canción que se titula Let's make a sandwich (fagamos un sandwich). A última parte é unha historia pequena nun restaurante que se chama What do you want to eat? (Que queres comer?)

Preme neste enlace para ver as tres partes do vídeo e ver como tes que facer ti despois o sandwich.

<https://www.youtube.com/watch?v=0qVglsZC6bM>

**E para todos**, recordade despois de comer hai que **lavar os dentes**, aquí tedes unha bonita canción

Preme neste enlace Brush your teeth

[https://www.youtube.com/watch?v=wCio\\_xVlgQ0](https://www.youtube.com/watch?v=wCio_xVlgQ0)

E como non, opcionalmente podedes ver este vídeo de Peppa Pig: **Picnic**, que mola moito!!

<https://www.youtube.com/watch?v=ckfy0BYB8IU>

Ata a semana, coidádevos moito.